




AUDITORIO DE GALICIA



COMPOSTELA 2000

Baixo o mecenato de:

CONCELLO DE SANTIAGO ■ CONSELLERÍA DE CULTURA
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA ■ AQUAGEST ■ FINSA ■ MALVAR
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ■ AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO
ÁREA CENTRAL ■ EL CORTE INGLÉS ■ FUNDACIÓN COCA-COLA ESPAÑA
REGASA ■ TELEVÉS ■ UNIÓN FENOSA
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

**COMPAÑÍA NACIONAL
DE DANZA**

Director Artístico: Nacho Duato

Instituto Nacional de las Artes Escénicas y la Música

MINISTERIO DE CULTURA

Red Española de
Teatros y Auditorios



Mércores 20 e xoves, 21 - 21:00 horas
Decembro 1995



AUDITORIO DE GALICIA

COMPañÍA NACIONAL DE DANZA

Director Artístico: Nacho Duato

Bailaríns Principais Invitados:

Catherine Allard, Mar Baudesson,
Emmanuelle Berard, Emmanuelle
Broncin, Catherine Habasque, José
Cruz, Thomas Klein, Patrick de Bana,
Tony Fabre

Primeiros Bailaríns:

Carmen Molina, M^a Luisa Ramos,
Ricardo Franco, José Antonio Quiroga,
Hans Tino, Raúl Tino

Solistas:

Marta Álvarez, Rosanna Burgos,
Montserrat Garcia, Africa Guzmán,
Eva López Crevillén, Sofía Sancho,
Yoko Taira, Daniel Alonso, Eduardo Castro,
Luis Martín Oya, Fernando Navajas

Corpo de Baile:

Cati Arteaga, Mireia Bombardó,
Nathalie Buisson, M^a Luisa Delgado,
Marina Donderis, Gema Gallardo,
M^a Europa Guzmán, Cristina Hortigüela,
Mar Llorente, Ruth Maroto, Belén
Moreno Esther Oliva, Rocío Peláez,
Blanca M^a Reche, Muriel Romero,
Susana Ruiz, Adriana Salgado,
Alexandra Scott, M^a Jesús Tarrat,
Lesley Telford,
J. Manuel Armas, J. Antonio
Beguiristáin, Antonio Calero, Antonio
Fernández, Nicolo Fonte, Sebastián
González, Rami Levi, Nicolaas
Marckmann, Julián Mínguez, Tino
Morán, José Vicente Sales



AUDITORIO DE GALICIA

Asistente ó Director Artístico: Carlos Iturrioz

Mestra: Irena Milovan

Asistente de Coreografía: Kevin Irving

Pianistas: Lisa Harris, Jerónimo Maesso

Producción: Isabel Sánchez

Difusión: Maite Villanueva

Coordenación Técnica: Nicolás Fischtel

Administración: Marisa Vázquez

Secretaría:

Juana Lerma, Teresa Puig, Lola Revilla,
Luis Tomás Vargas, Mercedes Zazo

Rexedor: Goyo Giménez

Maquinaria: Marcelo Suárez, Luis García

Electricidade:

Florencio Sánchez, Lucas González

Audiovisuais:

Jesús Santos, Pedro Álvaro,
José M^a Pulido, Javier Cabellos,
Rafa Giménez, Ignacio Rodríguez

Almacén: Reyes Sánchez

Xastrería:

Ismael Aznar, Genoveva Bon,
Juana Cuesta, Rosa Sánchez

Utilería: José Luis Mora

Masaxistas: Susana León, Mateo Martín

Recepción:

Miguel Angel Cruz, Diego
Marín, Teresa Morató



AUDITORIO DE GALICIA

Programa

Ecos

Nacho Duato - Stephan Micus

Petite Mort

Jiri Kylián - W.A. Mozart

Rassemblement

Nacho Duato - Toto Bissainthe



AUDITORIO DE GALICIA

Ecos

Coreografía: Nacho Duato
Música: Stephan Micus
Escenografía: Walter Nobbe
Figurinos: Nacho Duato
Diseño de luces: Nicolás Fischtel

Estreado pola Compañía Nacional de Danza
no Teatro de La Zarzuela
o 17 de decembro de 1994

20 de decembro

Catherine Allard	José Manuel Armas
Cati Arteaga	Patrick de Bana
Mar Baudesson	José Cruz
Catherine Habasque	Tony Fabre
Ruth Maroto	Nicolo Fonte
Alexandra Scott	Luis Martín Oya

21 de decembro

Emmanuelle Berard	Patrick de Bana
Emmanuelle Broncin	José Antonio Beguiristáin
Nathalie Buisson	Antonio Calero
Cristina Hortigüela	Nicolo Fonte
Eva López Crevillén	Tony Fabre
Muriel Romero	Nicolaas Marckmann

Realización de Escenografía:
Enrique López Corella e Daniel Moreno

Realización de Vestiario:
Xastrería da Compañía



AUDITORIO DE GALICIA

Petite Mort

Coreografía: Jiri Kylián
Música: W.A. Mozart (Concerto para piano en
La maior, KV 488, Adagio; Concerto para
piano en Do maior, KV 467, Andante)
Figurinos: Joke Visser
Escenografía e diseño de luces: Joop Caboort

Estreado polo Nederlands Dans Theater no
Festival de Salzburgo, o 23 de agosto de 1991.
Estreado pola Compañía Nacional de Danza
no Palacio de Festivais de Santander,
o 16 de novembro de 1995.

20 de decembro

Eva López Crevillén	Nicolo Fonte
Catherine Habasque	José Manuel Armas
Mar Baudesson	José Antonio Beguiristáin
Cristina Hortigüela	Tony Fabre
Emmanuelle Broncin	Patrick de Bana
Catherine Allard	José Cruz

21 de decembro

Alexandra Scott	Nicolo Fonte
María Luisa Ramos	Antonio Calero
Lesley Telford	José Antonio Beguiristáin
Ruth Maroto	Luis Martín Oya
Emmanuelle Berard	Nicolaas Marckmann
Catherine Allard	José Cruz

Realización de Escenografía:
Tajuela

Realización Polisóns:
Daniel Moreno

Realización de Vestiario:
Xastrería da Compañía

Vestiario Polisóns:
Ana Lacoma



Rassemblement

Coreografía: Nacho Duato
Música: Toto Bissainthe (Rasanbléman)
Escenografía: Walter Nobbe
Figurinos: Nacho Duato
Deseño de luces: Nicolás Fischtel, segundo o
deseño orixinal de Dick Lindschröm
Posta en escena: Lena Wennergren-Juras

Estreada polo Cullberg Ballet no Hjalmar
Bergman Theatre de Örebro,
o 27 de febreiro de 1990.

Estreado pola Compañía Nacional de Danza
no Teatro Lírico Nacional de La Zarzuela de
Madrid, o 13 de decembro de 1991.

20 de decembro

Catherine Allard Tony Fabre
Mar Baudesson Luis Martín Oya
Cati Arteaga Nicolo Fonte
M^a Luisa Ramos Antonio Calero

Soldados
José Antonio Beguiristáin
Rami Levi

21 de decembro

Nathalie Buisson Patrick de Bana
Catherine Habasque José Antonio Beguiristáin
Enmanuelle Broncin Rami Levi
Ruth Maroto Antonio Calero

Soldados
Luis Martín Oya
Nicolo Fonte



Gravación musical:

Toto Bissainthe con **Marie-Claude Benoît** e
Mariann Matheus: voz
Akonio Dolo e **Mino Cinélu**: percusión
Patrice Cinélu: guitarra;
Beb Guérin: contrabaixo

Gravación: Arión (1977)

Realización de Vestuario:
Xastrería da Compañía

Realización de Escenografía:
Carmina Burana



Nacho Duato, director artístico

Naceu en Valencia. Comezou a súa formación profesional na Rambert School de Londres, ampliou os seus estudos na Mudra School de Maurice Béjart en Bruxelas e completou a súa formación en Nova York en The Alvin Ailey American Dance Centre.

En 1980, con 23 anos, Nacho Duato asinou o seu primeiro contrato profesional co Cullberg Ballet (Estocolmo) e, un ano despois, da man de Jiri Kylián, ingresou no Nederlands Dans Theatre, compañía da que foi nomeado Coreógrafo Estable, xunto a Hans van Manen e Jiri Kylián, en 1988. Dende xuño de 1990, invitado polo Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música do Ministerio de Cultura español, Nacho Duato é Director Artístico desta Compañía.

Unha Lingua Viva

Érase unha vez o compositor John Cage que tomaba parte nun coloquio, en París, sobre música contemporánea. Alguén lle preguntou: ¿Como é posible componden música en América, tan lonxe dos centros tradicionais da creación musical? Ó que Cage impertérrito, contestou: ¿Como é posible componden música en Europa, tan cerca dos centros tradicionais da creación musical?

O coreógrafo Merce Cunningham -compañeiro da alma de Cage- suxeríame -hai un par de anos- unha reflexión semellante, paseando polo Escorial, onde recibiría a Medalla de Ouro da Universidade Complutense.

Cunningham subliñaba que difícil tiña que ser para os coreógrafos españois, ser auténticos sen caer no tópico do españolismo que, ademais, en danza non era un factor negativo, senón todo o contrario; habida conta da enor-



me influencia exercida pola danza española -substancialmente a chamada Escola Bolera- en danza clásica de corte romántico que practicaron dende o patriarca Marius Petipa, que a aprendeu no noso propio país (o capítulo español das súas memorias é sinxelamente delicioso) a Nijinski, Massine, Lifar e un longo etcétera de coreógrafos que son hoxe elementos fundamentais da historia da danza.

Isto é precisamente o que nestes últimos cinco anos soubo facer Nacho Duato, coa súa Compañía Nacional de Danza.

Por unha parte, eludir elegantemente a pesada hipoteca dunha tradición impregnadora, a base de abrirse cara a outros horizontes, da experta man -na maioría das ocasións- de quen foron os seus propios mestres.

Por outra, non perde-la naturalidade do que lle é propio (a súa meridionalidade, a súa mediterraneidade) cunha orientación que, sendo máis ecuménica, non por iso deixa de reflexar -tanto no fondo coma na forma- un sentir, unha maneira de ser e de producirse. A do seu tempo. A da súas xentes. Aí está o segredo do éxito da súa danza. Dunha danza que, agora e aquí -pero tamén onde queira que se mostre- fala coa forza dunha lingua viva, actual. Moderna.

Delfin Colomé

Jiri Kylián

Jiri Kylián naceu en Praga en 1947. Á idade de nove anos iniciou os seus estudos de danza na Escola do Ballet Nacional da devandita cidade. Cando tiña quince anos ingresou no conservatorio, onde tivo como profesora a Zora Semberova. A súa educación non se limitou ó ballet clásico: tamén recibiu clases de danza popular e moderna, técnica Graham,

música (tanto teórica coma práctica; como instrumento elixiu o piano), coreografía e a historia de cada unha destas materias.

Cunha bolsa do British Council, en 1967 ingresou na Royal Ballet School de Londres, onde coñeceu os desenvolvementos máis recentes da danza moderna. En 1968 John Cranko contratouno para o Stuttgart Ballet, actuando en roles de solista.

A súa primeira peza, *Paradox*, foi coreografiada para a Noverre Society, que organiza presentacións de estudio co fin de dar ós xoves coreógrafos a oportunidade de desenvolver a súa creatividade. A continuación realizou a coreografía de varias obras para o Stuttgart Ballet, entre as que destacan *Kommen und Gehen*, *Incantations*, *Der Stumme Orpheus* e *Blue Skin*. En 1973 fixo o seu primeiro traballo como coreógrafo invitado para o Nederlands Dans Theatre, *Viewers*, sobre música de Frank Martin. Posteriormente regresou en repetidas ocasións ata que, en 1975, foi nomeado Director Artístico Adxunto e Coreógrafo da compañía, creando dende entón preto de cincuenta ballets de gran imaxinación creativa, cun impacto e selo estilístico que deron á compañía gran prestixio.

Ecos

Durante moito tempo Stephan Micus deixou levar pola súa fascinación polos instrumentos atípicos doutras culturas. Non é tanto pola creación de exóticos efectos timbricos, senón máis ben polo reto de descubrir novos sons e novos contextos sonoros. O proceso de obtención de música dos enormes bloques de granito do escultor Elmar Daucher, en combinación coa utilización de música vocal e de frautas, representa unha experiencia totalmente innovadora. Non só xa pola propia composición dos instrumentos, senón porque, ó non estar afinados como instrumentos "normais", producen os máis inusuais intervalos tonais.

Sobre esta música constrúese *Ecos*, que xoga con distintos valores simbólicos deste curioso material sonoro: por unha parte, os grandes monumentos que foron construídos para inmortalizar ós seus creadores, tamén puxeron de manifesto a insignificancia destes, a fugacidade e fraxilidade da súa existencia; aquelas pedras asentadas cara ás alturas para estar máis preto de Deus, resultaron se-lo máis apegado á terra, e en moitos casos, acabaron cubertas por ela. Tamén fai referencia ós poderes ou enerxías dalgúns elementos megalíticos venerados por cultos remotos ou actuais: o home dirixe as súas oracións a unha materia inerte que así se converte en xénese de vida espiritual. Perecedeira/atemporal, inane/grandioso, inerte/vivo, materia/espírito,... estes binomios dialécticos son a materia que inspira o espírito de *Ecos*.

Petite Mort

Jiri Kylián creou este ballet especialmente para o Festival de Salzburgo co gallo do segundo centenario da morte de Mozart. Para este



traballo elixiu os fragmentos lentos de dous dos máis belos e populares concertos de piano de Mozart. Esta deliberada elección non debería ser vista como unha provocación ou inconsciencia, se non como a miña forma personal de constata-lo feito de estar vivindo e traballando nunha parte do mundo onde nada é sagrado, onde a brutalidade e a arbitrariedade son lugares comúns. A obra debería transmitir a idea de dous torsos antigos, coas súas cabezas e membros amputados, evidencia dunha mutilación intencionada que non obstante é incapaz de destruí-la súa beleza, reflexando así o poder espiritual do seu creador.

A coreografía presenta seis homes, seis mulleres e seis floretes. Os floretes cumpren verdadeiramente a función de parellas de baile, e nalgúns ocasións parecen máis rebeldes e obstinados ca unha parella de carne e óso. Visualizan un simbolismo que está máis presente ca unha liña argumental. Agresión, sexualidade, enerxía, silencio, insensatez e vulnerabilidade. Todos estes elementos xogan un importante papel. *Petite Mort*, que literalmente significa "morte pequena", é tamén, en linguas como o francés e o árabe, paráfrase de orgasmo.

Rassemblement

Nesta ocasión *Duato* virou o seu rumbo cara ás terras de Haití e a cadenciosa música de Toto Bissainthe, que lle brindan a inspiración nunha suite no estilo nítido e trepidante de *Jardi Tancat*. Catro parellas en descoloridos traxes de faena inician o ballet lentamente, ata chegar a un sobrecolleedor finale, coa palabra "liberté" coreada repetidamente na canción.

Malia a aparente sinxeleza dos medios utilizados, *Rassemblement* é unha creación



que, gradualmente, a través dos poderes liberalizadores da música e a danza, demostra ser un impresionante e conmovedor chamamento á conciencia do público sobre os dereitos humanos.

Peter Bohlin

da revista Ballet International

Rassemblement enmárcase dentro dun grupo de cancións que a compositora e cantante Toto Bissainthe dedica á súa terra, Haití. Son cancións de escravos atraídos polo culto Vudú. Nelas falan da súa vida cotiá, do sufrimento do exilio e do anhelos de África, non como lugar xeográfico, máis como terra mítica de liberdade. Expresan a súa resistencia ó colonizador, o rexeitamento á súa política, relixión, cultura e lingua. Gracias ós vínculos establecidos entre eles neste novo mundo, os escravos puideron conquista-la súa independencia. O Capital, ó desenvolverse en Haití, transformou o sentido do Vudú. O Vudú, que era para os campesiños pobres e explotados unha celebración das raíces africanas, chegou a ser unha relixión, un dos aparellos de poder. O nacemento do Vudú nunha terra de exilio, primeira lingua común de tódolos escravos de razas diferentes, foi un momento vital, creador, unha unificación cultural que ía transformalo mundo: unha apertura de límites. Este é o momento ó que se refiren as cancións de Toto Bissainthe: cantar a tódolos homes, a través das palabras de Haití e da súa música tradicional, reunindo outras formas musicais e abríndose a unha música contemporánea sen fronteiras.